



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR: 23/2023, COMUNICADO SUBVENCIONS A FEDERACIONES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA (PROCEDIMENTO DE402B XUNTA DE GALICIA 2023)

Emítase esta circular coa intención de informar a todos/as de Galicia do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva (procedemento DE402B Xunta de Galicia 2023). Está subvención a poden solicitar as federacións deportivas galegas e poden conveniar cos clubs a realización destas actividades.

A FGM convoca unha REUNIÓN TELEMÁTICA o martes 4 de xullo ás 20.30 h, para informar a todos os clubs intesados para poder participar nesta convocatoria. Enviamos hoxe pola mañá o enlace para poder asistir a esta reunión. Como podedes comprobar estades invitados a ela todos os clubs rexistrados na FGM, coa finalidade de que todos estedes informados, e non como o ano pasado, que non se informou a todos os clubs rexistrados nesta federación.

Para acceder a esta reunión, tamén podedes pinchar no seguinte enlace:

https://teams.microsoft.com/dl/launcher/launcher.html?url=%2F%23%2F%2Fmeetup-join%2F19%3Ameeting_OThN-TUyMjktZjYxZC00ZjYxLTgzOWQtYjg4MmI1NTdjZDUw%40thread.v2%2F0%3Fcontext%3D%257b%2522Tid%2522%253a%252252f2580b-9fc0-40f3-9f81-a3e32352a320%2522%252c%2522Oid%2522%253a%25221fd0a3bd-b4d3-4e7f-a0f8-164e9605bd88%2522%257d%26anon%3Dtrue&type=meetup-join&deeplinkId=2a08fa92-9c4c-40a6-8d29-f444d08c46f7&directDI=true&msLaunch=true&enableMobilePage=true&suppressPrompt=true

Rógase confirmación de asistencia á reunión, aceptando asistir á reunión a través do correo enviado, poñendo o prazo ata ás 12.00 h do martes, día 4 de xullo de 2023.

A continuación, expoñemos un breve resume da convocatoria:

OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

Establecer o réxime das axudas a federacións deportivas de Galicia, para o desenvolvemento do plan corresponsables a través da realización de actividades de animación socio deportiva baixo un procedemento en réxime de concorrencia competitiva.

- **As actuacións subvencionables** se desenvolverán a través da realización de actividades de animación socio deportiva, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, á adquisición de hábitos de vida saudable a través da mesma.
- período de desenvolvemento das actuacións subvencionables será entre o **1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2023**.
- A Secretaría Xeral para o Deporte financiará os gastos ocasionados con motivo da habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e a mocidade de ata 16 anos inclusive, a través do desenvolvemento dos seus respectivos programas deportivos, para mellorar a vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

• **Concurrencia con outras axudas:** As subvencións concedidas ao abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicar ao órgano concedente a súa obtención.

QUEN PODE SOLICITAR:

- Os beneficiarios da subvención serán: **federacións deportivas inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**
- Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias destas subvencións as entidades nas que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- **A entidade debe estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT, a Seguridade Social e a Atriga.**

CRÉDITO TOTAL, IMPORTE DA SUBVENCIÓN, CONDICIÓN DE PAGAMENTO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O **crédito orzamentario** para financiar estas axudas é de **2.773.095 €**. O importe das subvencións será o resultado de asignar un importe de 1.660 €/mes por grupo de actividade (*ver punto 3 do último apartado), ata o máximo do importe subvencionable por entidade.

- **A contía de axuda máxima por entidade beneficiaria** en 300.000 €. No caso de que non se esgote o crédito dispoñible, incrementarase proporcionalmente o importe da axuda máxima por entidade beneficiaria
- Poderase realizar o **pagamento do 80 % da contía da subvención concedida**, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, segundo o *Anexo III*, unha vez realizada a notificación da subvención e Çlogo da aceptación expresa desta. A solicitude de pagamento anticipado poderá remitirse ata o 31 de outubro de 2023.
- **Prazo xustificación:** para executar e xustificar o proxecto subvencionado ata o 30/11/2023.

CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓN SUBVENCIONADAS

Os beneficiarios do Plan Corresponsables para a habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e mozas e mozos de ata 16 anos, desenvolverán actividades de animación socio deportiva, de acordo coas seguintes CONDICIÓN:

1) Os perfís profesionais para o desenvolvemento destas actividades serán: Técnica/o Superior en Educación Infantil, Técnica/o Superior en Animación sociocultural e turística, Técnica/o Superior en Ensinanza e animación socio deportiva, Técnica/o Superior en Integración social, Monitoras/es de ocio e tempo libre, Auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia, e deben incluírse as diferentes cláusulas de contratación social que favorezan a igualdade de xénero e garantan as mellores condicións laborais posibles. A Secretaría Xeral para o Deporte, previa consulta á Secretaría Xeral da Igualdade con referencia aos criterios establecidos pola Conferencia Sectorial de Igualdade, poderá autorizar a contratación doutros perfís profesionais para o desenvolvemento das actividades.

2) **A entidade beneficiaria xestionará a xestión das actividades e o acceso ás actividades das nenas e nenos a través da plataforma habilitada ao efecto pola Secretaría Xeral para o Deporte.** No acceso priorizarase ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados. Así mesmo, nos procesos de valoración de acceso aos programas e prestacións financiadas por este Plan, terase en conta o nivel de renda actuacións. A estes efectos a Secretaría Xeral para o Deporte organizará unha



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17.
Oficina 10. 36209 Vigo
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

xornada formativa para o coñecemento da plataforma de xestión habilitada, e disporá dun servizo de atención a consultas.

3) Cada grupo de actividade deberá ter unha duración mínima de 3 días/semana, e dunha hora/día. Considérase grupo de actividade cun mínimo de 8 participantes.

4) A entidade debe abonar ás persoas contratadas, polo menos, o importe fixado como salario mínimo interprofesional.

Para calquera dúbida estou a vosa disposición.

Vigo, 2 de xullo de 2023

A presidenta

Josefina Maestu Almeida